

# Cincuenta e un contos

Lord Dunsany

Tradución de Isaac Álvarez Veiga



# Lord Dunsany

## Cincuenta e un contos

Versión galega de Isaac Álvarez Veiga

## CONTIDOS

A cita  
Caronte  
A morte de Pan  
A esfínxe de Giza  
A galiña  
Vento e néboa  
Os construtores de balsas  
O obreiro  
O convidado  
Morte e Odiseo  
Morte e a laranxa  
A súplica das flores  
Tempo e o artesán  
A pequena cidade  
Os campos que non se podían pastar  
O verme e o anxo  
O país sen cancións  
A última cousa  
O demagogo e a prostituta  
A papoula xigante  
Rosas  
O home dos brincos de ouro  
O soño do rei Karna-Vootra  
A tormenta  
Unha identidade equivocada  
A verdadeira historia da Lebre e a Tartaruga  
Só os inmortais  
Un pequeno conto moral  
O retorno de Canción  
Primavera no pobo  
De como o inimigo chegou a Thlunrana  
Un xogo perdido  
Levantando Picadilly  
Despois do lume  
A cidade  
A comida de Morte  
O ídolo solitario  
A esfínxe de Tebas (Massachusetts)  
A recompensa  
O problema na rúa Leafy Green  
A néboa  
Formasucos  
Ensalada de lagosta  
O retorno dos Exilios  
Natureza e tempo  
A canción do merlo  
Os mensaxeiros  
Os tres altos fillos  
Compromiso  
Ata o que chegamos  
A tumba de Pan

## A CITA

Cantaba Fama polos camiños e, insignificante mentres cantaba, acompañado de sórdidos aventureiros, pasou o poeta.

E aínda que o poeta lle fixo pequenas coroas de canción, para cubrir a súa fronte nas cortes do Tempo, aínda ela seguía vestindo as grilandas sen valor que os escandalosos cidadáns lle arroxaban polos camiños, elaboradas con cousas perecedoiras.

Despois dun tempo, cando esas grilandas morreron, o poeta volveu onda ela coas súas coroas de canción; e aínda ela riuse del e vestiu as coroas sen valor, a pesar de que sempre morrían ao chegar o serán.

Un día, no seu resentimento, o poeta reprendeuna e díxolle:

—Preciosa Fama, incluso nos camiños e atallos non vos abstivestes de rir e gritar e burlarvos de homes sen valor, e eu esforceime por vós e soñei con vós, e aínda así ridiculizádesme e ignorádesme.

E Fama deulle as costas e marchou, mais na súa partida mirou cara atrás sobre o seu ombreiro e sorriulle coma non o fixera endexamais e, case nun murmurio, dixo:

—Atoparémonos no cemiterio detrás do asilo dentro de cen anos.

## CARONTE

Caronte inclinouse cara adiante e remou. Todas as cousas eran unha coa súa fatiga.

Para el non era cuestión de anos ou séculos, senón de largas correntes de tempo, un antigo peso e unha dor nos brazos que xa se converteran nun plan que os deuses elaboraran e nun anaco de Eternidade.

Se os deuses lle enviasen sequera un vento contrario, isto dividiría todo o tempo da súa memoria en dous fragmentos iguais.

Tan grises resultaban sempre as cousas onde el estaba que se calquera resplandor persistise durante un momento entre os mortos, sobre a face dalgũa raíña coma Cleopatra, os seus ollos non poderían percibilo.

Era estraño que hoxe en día os mortos viñesen en tales cantidades. Viñan en miles cando normalmente adoitaban vir de cincuenta en cincuenta. Non era a obriga de Caronte nin o seu desexo reflexionar na súa alma gris sobre por que poderían suceder esas cousas. Caronte inclinouse cara adiante e remou.

Entón, non chegou ninguén durante un tempo. Non era habitual que os deuses non enviasen a ninguén desde a terra durante tanto tempo. Mais os deuses eran sabios.

Despois, chegou un home só. E a pequena sombra sentou tremendo de frío nun banco solitario e a gran nave partiu. Só un pasaxeiro: os deuses eran sabios. O grande e esgotado Caronte remou e remou xunto á pequena, silenciosa e tremente fantasma.

E o son do río era coma un forte suspiro que Aflición, no comezo, suspirara entre as súas irmás e que non puidera morrer coma os ecos da penuria humana que se apagan nos outeiros terrestres, senón que era tan antigo coma o tempo e a dor nos brazos de Caronte.

Entón, desde o lento e gris río, a nave materializouse na costa de Dis e a pequena e silenciosa sombra, aínda tremendo, puxo pé en terra e Caronte virou a nave para volver, fatigosamente, ao mundo. Entón falou a pequena sombra, que fora un home.

—Son o último —dixo.

Nunca ninguén fixera sorrir a Caronte antes, nunca ninguén o fixera chorar.

## A MORTE DE PAN

Cando os viaxeiros de Londres entraron en Arcadia, lamentaron uns cos outros a morte de Pan.

No momento vírono tombado, ríxido e agarrotado.

O cornudo Pan estaba teso e o orballo cubría a súa pelaxe; non tiña o aspecto dun animal vivo.

Entón dixeron:

—É certo, Pan está morto.

De pé, melancólicos por ese enorme corpo prostrado, observaron durante longo tempo ao memorable Pan.

Chegou o serán e apareceu unha pequena estrela.

Inmediatamente desde unha aldea dalgún val arcadiano, co son dunha canción ociosa, chegaron unhas doncelas arcadianas.

Cando viron alí, de súpeto no crepúsculo, ese antigo deus recostado, detiveron a súa carreira e bisbaron entre elas.

—Que aspecto tan absurdo —dixeron, e ríronse un pouco del.

E ao son da súa risa Pan ergueuse e a grava voou desde os seus pezuños.

E, mentres os viaxeiros, de pé, escoitaban, os riscos e os cumios de Arcadia repicaron cos sons da persecución.

## A ESFINXE DE GIZA

O outro día vin a face pintada da Esfinxe.

Pintara o seu rostro para seducir a Tempo.

E el non permitía ningunha face pintada no mundo enteiro salvo a súa.

Dalila era máis nova ca ela e Dalila é po. Tempo non amou nada salvo esta face pintada e sen valor.

Non me importa que sexa fea, nin que se pintara o rostro, con tal de que ela só consiga o segredo de Tempo.

Tempo repousa coma un pailán aos seus pés cando debería estar destruindo cidades.

Tempo nunca cansa do seu estúpido sorriso.

Hai templos repartidos en torno a ela que el esqueceu arruinar.

Vin pasar un home vello e Tempo nunca o tocou.

Tempo, quen cargara coas sete portas de Tebas!

Ela intentou atalo con cordas de area eterna e esperaba oprimilo coas Pirámides.

El xace aló na area co seu absurdo cabelo espallado sobre as súas poutas.

De ela descubrir o seu segredo, arrincarémolle os ollos, para que non atope máis cousas bonitas...

Hai portas fermosas en Florencia e temo que cargue con elas.

Intentamos atalo con cancións e antigos costumes, mais só o retiveron por un momento e el sempre nos destruía e se burlaba de nós.

Cando estea cego, bailará ao noso son e distraeranos.

O grande e torpe Tempo tropezarán e danzarán, el que gustaba de dar morte a nenos pequenos e que xa non pode sequera ferir as margaridas.

Entón os nosos fillos burlaranse del, do que asasinou aos touros alados de Babilonia e destruíu gran parte dos deuses e fadas... cando lle arrebatan as súas horas e anos.

Pecharémolo na pirámide de Keops, na gran sala onde se atopa o sarcófago. Desde alí guiarémolo fóra cando celebremos os nosos banquetes. Madurará o noso millo e realizará os traballos domésticos por nós.

Bicaremos a vosa cara pintada, oh, Esfinxe, se traizoades a Tempo por nós.

Aínda así temo que nesta derradeira angustia poida coller a cegas o mundo e a lúa, e lentamente derribar sobre si a Morada do Home.

## A GALIÑA

Ao longo dos gabletes do curral as andoriñas sentaban en liña, chiando intranquilas entre elas, falando de moitas cousas, mais pensando só en Verán e no sur, pois Outono estaba a chegar e o vento do norte a agardar.

Un día, de súpeto, marcharon todas, e non quedou ningunha. Todo o mundo falaba das andoriñas e do sur.

—Creo que irei eu mesma ao sur o ano que ven —dixo unha galiña.

Pasou o ano e as andoriñas volveron outra vez, e pasou o ano e sentaron outra vez nos gabletes, e todas as pitas falaban sobre a partida da galiña.

Moi cedo, unha mañá, co vento soprando desde o norte, as andoriñas saíron disparadas de súpeto e sentiron o vento nas ás; e unha forza topouse con elas e unha antiga e estraña sabedoría e unha fe máis que humana, e voando alto deixaron atrás o fume das nosas cidades e as cornixas lixeiramente recordadas, e viron por último o grande e vagabundo mar, e a través de correntes mariñas grises dirixíronse ao sur co vento. En dirección ao sur atravesaron relucentes neboeiras e viron antigas illas levantando as súas cabezas sobre elas; viron as lentas misións das naves errantes, mergulladores buscando perlas e terras en guerra, ata que toparon coa vista das montañas que buscaban e dos cumios que coñecían. Descenderon nun val austral e viron a Verán ora durmindo, ora cantando unha canción.

—Creo que o vento é o adecuado —dixo a galiña, e abriu as ás e correu fóra do galiñeiro. Correu batendo as ás ata a estrada e por un camiño que a levou ata un xardín.

Ao serán regresou esgotada.

E no galiñeiro contou ás pitas como fora ao sur tan lonxe como a grande estrada, e viu pasar o tráfico do gran mundo, chegou a terras onde medraban as patacas, e viu o restroballo sobre o que viven as persoas, e ao final da estrada atopou un xardín no que había rosas, rosas preciosas, e o propio xardineiro estaba alí cos seus tirantes.

—Que incrivelmente interesante —dixeron as pitas— e que descrición máis fermosa!

Inverno desapareceu e pasaron os xeados meses e apareceu a Primavera do ano, e as andoriñas volveron de novo.

—Estivemos no sur —dixeron— e nos vales que hai alén mar.

Mais as pitas non crían que houbese un mar no sur:

—Deberían escoitar a nosa galiña —dixeron.



## VENTO E NÉBOA

—Deixade camiño para nós —dixo o Vento do norte mentres baixaba ata o mar nun recado do antigo Inverno.

E viu ante el a néboa gris e silenciosa que se estendía sobre as mareas.

—Deixade camiño para nós —dixo o Vento do norte— oh, fútil néboa, pois son o líder do Inverno na súa antiga guerra cos navíos. Avasáloos de súpeto coa miña forza ou dirixo contra eles os grandes icebergs mariños. Cruzo un océano mentres ti te moves unha milla. Hai dolo en terra cando topo con naves. Lévoas ata as rochas e alimento o mar. Onde aparezo inclínanse ante o señor do Inverno.

Ante esta fanfurriñada arrogante, nada dixo a néboa. Só se levantou lentamente e se afastou do mar e, subindo polos grandes vales, tomou refuxio entre os outeiros. Chegou a noite e todo estaba quedo, e a néboa comezou a bisbar na quietude. E escoiteina contándose infamemente a si mesma o conto das súas horribles ruínas.

—Cento quince galeóns da antiga España, un buque de carga que partira de Tiro, oito flotas pesqueiras e noventa navíos de liña, doce buques de guerra que navegaban coas súas carronadas, trescentos oitenta e sete barcos fluviais, corenta e dous mercantes que levaban especias, catro quinquirremes, dez trirremes, trinta iates, vinte e un acoirazados modernos, nove mil almirantes...

Murmurou e riu ata que, de súpeto, me levantei e fuxín da súa temerosa contaminación.

## OS CONSTRUTORES DE BALSAS

Todos os que escribimos lembrámosme a mariñeiros apresurados en facer balsas sobre navíos malditos.

Cando nos esborallamos baixo os pesados anos e caemos na eternidade con todo o que é noso, os nosos pensamentos, coma pequenas balsas perdidas, flotan durante un tempo sobre o mar do Esquecemento. Non cargarán moito sobre esas mareas: os nosos nomes e unha frase ou dúas e pouco máis.

Eles, que escriben coma intercambio para satisfacer o antollo do día, son coma mariñeiros que traballan nas balsas só para quentar as súas mans e distraer os seus pensamentos da súa certa maldición: as súas balsas desfaranse antes de que rompa o navío.

Mira agora o Esquecemento relucindo arredor de nós, a súa propia tranquilidade máis mortífera que a tempestade. Que pouco a molestaron todas as nosas quillas. O Tempo nas súas profundidades nada coma unha balea monstruosa e, como unha balea, aliméntase das cousas máis pequenas (pequenas melodías e curtas e inexpertas cancións dos antigos e dourados seráns) e no momento tomou a forma dunha balea para derribar navíos enteiros.

Mira agora as ruínas de Babilonia flotando ociosamente, e algo alí que unha vez fora Nínive; xa os seus reis e raíñas están nas profundidades entre as masas cubertas de argazo dos antigos séculos que ocultan a empapada mole da afundida Tiro e crean unha escuridade arredor de Persépole.

En canto ao resto, vagamente vexo as formas de navíos afundidos no chan marítimo espaxados con coroas.

Ningún dos nosos navíos estaba en bo estado para navegar desde o principio.

Aí vai a balsa que Homero fixo para Helena.

## O OBREIRO

Vin a un obreiro caer coas súas estadas xusto desde a cúspide dalgún gran hotel. E, mentres caía, vino agarrando un coitelo e intentando rabuñar o seu nome na estada. Tivo tempo para intentalo e facelo pois tería arredor de trescentos pés de caída. Non podo deixar de pensar nesta tolemia de facer algo tan fútil, pois non só o home quedaría morto e irrecoñecible en tres segundos, senón que cada unha das varas nas que intentou rabuñar o que lle dese tempo do seu nome acabaría sen dúbida queimada nunhas semanas como leña.

Entón fun para casa, pois tiña traballo que facer. E durante toda a noite pensei na tolemia do home ata que o pensamento me entorpeceu de tal modo que non puider seguir traballando en serio.

Máis adiante nesa noite, mentres aínda traballaba, o fantasma do obreiro flotou a través da parede e quedou ante min rindo.

Non escoitei ningún son ata que lle falei; mais puider ver a gris e diáfana forma que estaba ante min tremendo pola risa.

Faleille por última vez e pregunteille de que ría, e entón o fantasma falou. Dixo:

—Estoume a rir de ti, que estás aí sentado a traballar.

—E por que —preguntei— ris dun traballo serio?

—Por que? Toda a túa florecente vida pasará coma o vento —dixo— e toda a túa estúpida civilización será limpada nuns séculos.

Despois comezou a rir de novo e desta vez podía escoitarse; e, aínda rindo, de novo desapareceu pola parede e na eternidade desde a que viñera.

## O CONVIDADO

Un mozo chegou a un elegante restaurante londiniense ás oito en punto.

Estaba só, mais había dous sitios na mesa reservada para el. Escollera a cea coidadosamente, por carta, unha semana antes.

O camareiro preguntoulle sobre o outro convidado.

—Probablemente non o vexa ata que chegue o café —díxolle o mozo, así que só lle serviron a el.

Aqueles que sentaban en mesas adxacentes poderían decatarse de que o mozo estaba continuamente dirixíndose á cadeira baleira e producindo un monólogo durante a súa elaborada cea.

—Creo que coñece a meu pai —díxolle despois da sopa.

»Mandei buscala esta noite —continuou— porque quero que me faga un bo favor; de feito, debo insistir en que o faga.

Non había nada excéntrico no home excepto o seu hábito de dirixirse a unha cadeira baleira. Sen dúbida, estaba comendo unha cea tan boa como a calquera home no seu san xuízo puidese desexar.

Despois de que serviran o Burgundy fíxose máis voluble no seu monólogo, non fose que estragase o viño bebendo excesivamente.

—Temos moitas cousas en común —dixo—. Coñecín ao rei Seti hai un ano en Tebas. Creo que cambiou un pouco desde que o coñeceu. Cría que a súa fronte era demasiado estreita para un rei. Keops deixou a casa que construíra para a súa recepción, debeu preparase para vostede durante anos e anos. Supoño que rara vez se entretivo dese modo. Pedín a cea hai máis dunha semana. Entón pensei que podería vir unha dama comigo, mais como non foi así, pedínlo a vostede. Despois de todo, non creo que fose tan adorable coma Helena de Troia. Era Helena tan adorable? Non cando a coñeceu, probablemente. Tivo sorte con Cleopatra, debeu coñecela cando aínda estaba na primavera da súa vida.

»Nunca coñeceu as sereas ou as fadas nin as adorables deusas de antano, e aí é onde lle derrotamos. Quedou calado cando chegaron os camareiros á súa mesa, mais seguiu alegre tan axiña como marcharon, aínda dirixíndose á cadeira baleira.

—Vostede sabe que só a vin en Londres o outro día. Estaba nun autobús motorizado baixando a rúa Ludgate Hill. Ía demasiado rápido. Londres é un bo lugar. Mais estarei o suficientemente contento para marchar de aquí. Foi en Londres onde coñecín a muller da que lle falaba. Se non fose por Londres, seguramente non a coñecería, e se non fose por Londres, probablemente non tería tantas cousas ademais de min para divertila. Está relacionado con ambas as cuestións.

Detívose unha vez para pedir o café, ollando seriamente ao camareiro e poñendo un soberano de ouro na súa man.

—Non deixe que sexa chicoria —dixo.

O camareiro levoulle o café e o mozo botou unha pastilla de algo na súa cunca.

—Supoño que non ven por aquí moi a miúdo —seguiu—. Ben, seguramente quererá marchar. Non me metín demasiado no seu camiño, ten moito que facer en Londres.

Despois de beber o café caeu ao chan a carón dun pé da cadeira baleira. Un doutor que estaba ceando na sala achegouse a el e anunciou ao nervioso xerente a presenza visible do convidado do mozo.

## MORTE E ODISEO

Na corte do Olimpo, Amor ríase de Morte, pois esta era desagradable e Amor non podía evitalo, e porque ela nunca fixera nada que pagara a pena e Amor si.

Morte odiaba que se risen dela e adoitaba apartarse para reflexionar soa sobre os seus defectos e no que podería facer para poñer fin a este intolerable tratamento.

Mais un día Morte apareceu nas cortes cun certo aire e decatáronse Todos.

—Que vas facer agora? —dixo Amor.

Morte, con certa solemnidade, respondeu:

—Vou asustar a Odiseo.

E enarborándose co seu manto gris de viaxeiro atravesou a porta de vento con rumbo á Terra.

E pronto chegou a Ítaca e ao vestíbulo que coñecía Atenea, abriu a porta e viu alí ao famoso Odiseo, coa súa branca cabeleira colgando preto do lume, intentando quentar as mans.

O vento que viña a través da porta aberta soprou xeadado sobre Odiseo.

Morte achegouse polas súas costas, e, de súpeto, berrou.

Odiseo seguiu quentando as súas pálidas mans.

Entón Morte achegouse e comezou a vociferar. Despois dun intre, Odiseo volveuse e dixo:

—Ben, antiga servinte, foron os teus amos amables contigo desde que te fixen traballar para min en Ilión?

Morte quedou calada un momento, pois quedou pensando na risa de Amor.

Entón dixo Odiseo:

—Ven comigo, déixame o teu ombreiro.

E, cargando o seu peso naquela articulación osuda, camiñaron xuntos a través da porta aberta.

## MORTE E A LARANXA

Na mesa dun restaurante dun meridional país estranxeiro, sentaban dous mozos morenos cunha muller.

E no prato da muller había unha pequena laranxa cunha risa malvada no seu corazón.

E ambos os homes ollaban para a muller todo o tempo, comían pouco e bebían moito.

E a muller sorría aos dous por igual.

Entón, a pequena laranxa coa risa no seu corazón rodou lentamente fóra do prato e caeu ao chan. Os mozos morenos foron buscala ao mesmo tempo e topáronse de súpeto baixo a mesa e, no momento, comezaron a proliferar afiadas palabras dun ao outro, mentres o horror e a impotencia se sobrepoñían á Razón de cada un e esta sentaba indefensa nun recuncho da mente, e o corazón da laranxa riu e a muller continuou sorrindo; e Morte, que estaba sentada noutra mesa, conversando intimamente cun home vello, levantouse e foi escoitar a disputa.

## A SÚPLICA DAS FLORES

Estaba a voz das flores no vento do oeste, o adorable, antigo e lacazán vento do oeste, soprando sen cesar, soprando con somnolencia, dirixíndose a Grecia.

—Desapareceron os bosques, caeron e deixáronnos; as persoas xa non nos aman, estamos soas baixo o luar. Grandes motores corren sobre os fermosos campos, os seus camiños esténdense duros e terribles por toda a terra.

»As cidades canceríxenas espállanse sobre a herba, retumban nos seus refuxios continuamente, brillan ao noso redor manchando a noite.

»Desapareceron os bosques, oh, Pan, os bosques, os bosques. E vós estades lonxe, oh, Pan, moi lonxe.

Estaba pola noite entre dous terrapléns da vía ferroviaria na fronteira dunha cidade dunha rexión interior. Sobre unha delas vin pasar os trens, unha vez cada dous minutos e, sobre a outra, os trens pasaban dúas veces cada cinco minutos.

As brillantes fábricas estaban bastante preto, e o ceo sobre elas vestía ese traxe temoroso que viste nos soños febrís.

As flores estaban xusto ao alcance desa cidade crecente e de aí escoiteinas emitir o seu pranto. Entón escoitei, batendo musicalmente o vento, a voz de Pan criticándoas desde Arcadia...

—Sede un pouco pacientes, estas cousas non duran moito.



## TEMPO E O ARTESÁN

Unha vez Tempo, mentres roldaba polo mundo, coa súa cabeleira gris non pola debilidade senón polo po da ruína das cidades, chegou a unha tenda de mobles e entrou na sección de antigüidades. Alí viu un home escurecendo a madeira dunha cadeira con tinguadura e baténdoa con cadeas e imitando buratos de verme nela.

Cando Tempo viu a outro facendo o seu traballo púxose en fronte del ao momento e botoulle unha ollada crítica.

Ao final dixo:

—Eu non traballo así.

E fixo que o pelo do home se volvese branco e dobrou as súas costas e puxo algúns sucos na súa pequena e enxeñosa face; entón volveuse e marchou ás alancadas, pois unha poderosa cidade que estaba esgotada e enferma e que durante moito tempo molestara os campos necesitaba desesperadamente a súa axuda.

## A PEQUENA CIDADE

Estaba no predestinado 11.8 que partía desde Goragewood ata Drogheda cando, de súpeto, vin a cidade. Era unha pequena cidade nun val e só parecía ter un pouco de fume, e o sol collía o fume e volvíao dourado, de modo que semellaba unha antiga pintura italiana onde os anxos camiñan no primeiro plano e o resto é unha lumarada de ouro. Mais aló, como podería un dicir pola extensión de terra aínda que un non podía ver a través do fume dourado, sabía que descansaban alí as sendas dos navíos errantes.

Todo ao redor había conxuntos de pequenos campos sobre as ladeiras dos outeiros e a neve chegara sobre eles vacilante, mais xa os paxaros do desperdicio desprazáranse ata os lugares cubertos por cada outro auguro presaxiado que caía. Lonxe, uns pequenos outeiros resplandecían como un bastión dourado quebrado polos anos e caído desde a muralla que separaba o Paraíso da Terra. Distantes e escuras, as montañas ollaban despreocupadamente cara ao mar.

Cando vin esas grises e vixiantes montañas sentadas nese mesmo lugar mentres as cidades da civilización de Arabia e Asia se elevaban como azafrán, e como azafrán caían, pensei en durante canto tempo habería fume no val e pequenos campos nos outeiros.

## OS CAMPOS QUE NON SE PODÍAN PASTAR

E así faláron as montañas:

—Contempládenos, incluso nós; os antigos, os grises que soportan os pés do Tempo. O Tempo das nosas rocas romperá o seu bastón e tropezarán: e aínda así permaneceremos maxestosos, incluso como agora, escoitando o son do mar, a nosa vella irmá coetánea, que coída os ósos dos seus fillos e chora polas cousas que fixo.

»Lonxe, lonxe, estamos sobre todas as cousas, facéndonos amigos das pequenas cidades ata que crecen e nos deixan marchar entre os mitos.

»Somos as montañas máis imperecedoiras.

E suavemente as nubes reuníronse desde lugares distantes e, de peneda a peneda, de montaña a montaña, dun xeito semellante ao do Cáucaso sobre o Himalaia viñeron cabalgando a través dos raios de sol sobre as costas das tormentas e miraron cara abaixo ociosamente desde as súas douradas alturas sobre as cristas das montañas.

—Ides morrer —dixeron as montañas.

E as nubes responderon, como soñei ou gustaría:

—Morreremos, abofé que morreremos, mais sobre os nosos campos que non se poden pastar brinca Pegaso. Aquí Pegaso galopa e bota unha ollada á canción que as lavecias lle levan cada mañá desde os campos terrestres. Os golpes dos seus pezuños soan sobre as nosas abas ao amencer coma se os nosos campos fosen de prata. E respirando o vento da alborada a través das súas fosas nasais dilatadas, coa cabeza cara arriba e con ás trementes, mira desde as nosas increíbles alturas e bufa ollando como as marabillosas guerras do afastado futuro arrasan nos pregues e dobreces das togas que cobren os xeonllos dos deuses.

## O VERME E O ANXO

Mentres rubía desde as tumbas dos caídos, un verme topou cun anxo.

Xuntos contemplaron aos reis e reinos, cativos e doncelas nas cidades das persoas. Viron ás vellas persoas pesados sobre as súas cadeiras e escoitaron aos nenos cantando nos campos. Viron guerras afastadas e guerreiros e cidades amuralladas, sabedoría e maldade, e a pompa dos reis, e a xente de todas as terras que coñecía a luz sol.

O verme así falou co anxo:

—Contempla a miña comida.

—Be dakeon para Thina poluphloisboio Thalassaes —murmurou o anxo, polo que comezaron a andar a carón do mar— e podes destruír iso tamén?

O verme palideceu na súa rabia ata un gris enfermizo de contemplar, pois durante tres mil anos intentara destruír esa liña e aínda a súa melodía soaba na súa cabeza.

## O PAÍS SEN CANCIÓNS

O poeta chegou a un gran país no que non había cancións. Chorou un pouco pola nación que non tiña nin unha pequena e estúpida canción para cantarse a si mesma no serán.

E ao final dixo:

—Eu mesmo farei para eles algunhas pequenas e estúpidas cancións para que estean contentos polos carrís e felices no fogar.

E durante algúns días fixo para eles cancións sen propósitos tal e como as que cantan as damas nos outeiros dos antigos países máis felices.

Despois foi onda algúns desa nación mentres sentaban cansos polo traballo do día e díxolles:

—Fíxenvos algunhas cancións sen propósito que saquei de pequenas e irracionais lendas, que dalgún xeito están relacionadas co vento dos vales da miña infancia; podedes cantalas nas vosas noites desconsoladas.

E eles responderon:

—Se cres que temos tempo para esa clase de estupideces hoxe en día, non podes saber moito do progreso do comercio moderno.

E entón o poeta lamentouse dicindo:

—Deus santo! Están condenados.

## A ÚLTIMA COUSA

Vin un lixófago polas beiras do río do Tempo. Agachábase a carón das hortas abundantes en mazás nunha terra feliz de flores; alzábanse preto colosais celeiros onde os antigos gardaran o gran, e o sol era dourado sobre os afastados e serenos outeiros detrás das chás terras. Mais as súas costas estaban para todas estas cousas. Agachouse e mirou o río. E calquera cousa que fixera o río para intentar expulsar ao lixófago, este agarrábase avariciosamente cos seus brazos, vadeando na auga.

Ben, neses días había, e, de feito, aínda hai, certas cidades contaminadas sobre o río do Tempo; e delas cousas sen nome chegan pavorosamente flotando sen forma. E cando o fedor destas chegaba río abaixo, o lixófago mergullábase na sucia auga ante elas e mantíñase lonxe, expectante. E se abría a súa boca, un vería esas cousas nos seus beizos.

De feito, desde os alcances máis elevados baixaban ás veces o pétalo de rododendro caído, ás veces unha rosa; mais eran inútiles para o lixófago, e cando os vía gruñía.

Un poeta camiñaba a carón da beira do río; a súa cabeza levantada e a súa mirada lonxe; creo que viu o mar e os outeiros do Destino desde os que corría o río. Vin ao lixófago de pé, voraz, ata a cintura nese río que cheiraba a nocivo.

—Mira —dixen ao poeta.

—A corrente vaino levar —dixo el.

—Non, refírome a esas cidades que envelenan o río —díxenlle.

El respondeu:

—Cando os séculos se funden nos outeiros do Destino, o río medra terriblemente.

## O DEMAGOGO E A PROSTITUTA

Un demagogo e unha prostituta tiveron a sorte de chegar xuntos á porta do Paraíso. O Santo ollou con mirada triste a ambos.

—Por que eras un demagogo? —dixo ao primeiro.

—Porque —dixo o demagogo— apoio os principios que nos fixeron o que somos e fixen que o noso Partido fose querido polo gran corazón da xente. Nunha palabra, apoio inmutablemente a plataforma da representación popular.

—E ti? —dixo o Santo a aquela da sociedade media.

—Quería diñeiro —dixo a prostituta.

E despois dalgúns intres de pensamento, o Santo dixo:

—Ben, entrade; aínda que non o merecedes.

Mais ao demagogo díxolle:

—Arrepentímonos sinceramente de que o espazo limitado á nosa disposición e a nosa desafortunada falta de interese nesas Cuestións que tanto te esforzaches en inculcar e que tan habilmente defendiches no pasado, nos impidan darche o apoio que buscas.

E pechou a porta dourada.

## A PAPOULA XIGANTE

Soñei que volvía aos outeiros que coñecía, desde onde nun día claro podes ver as murallas de Ilión e as chairas de Roncesvalles. Adoitaba haber bosques nos cumios deses outeiros con claros onde caía o luar e alí, cando ninguén vía, as fadas danzaban.

Mais non había bosques cando volví, nin fadas nin o distante reflexo de Ilión nin chairas de Roncesvalles, só unha papoula xigante que se abaneaba co vento e, mentres se abaneaba, cantaruxaba «Non lembres». E preto do seu talo semellante a un carballo estaba sentado un poeta, vestido coma un pastor e tocando suavemente unha antiga melodía cunha gaita. Pregunteille se as fadas pasaran por ese camiño ou algo máis antigo.

Dixo:

—A papoula creceu rapidamente e está matando deuses e fadas. Os seus gases están afogando o mundo e as súas raíces drenan a súa fermosa forza.

E pregunteille por que sentaba nos outeiros que coñecía, tocando unha antiga melodía.

Respondeu:

—Porque a melodía é mala para a papoula, que doutro modo crecería máis rapidamente; e porque se a irmandade á que pertenzo parase de tocar a gaita nos outeiros as persoas marcharían por todo o mundo e estarían perdidas ou chegarían a finais terribles. Cremos que salvamos a Agamenón.

Despois volveu a tocar na gaita aquela melodía antiga, mentres o vento murmuraba entre os somnolentos pétalos da papoula «Non lembres. Non lembres».



## ROSAS

Coñezo unha cuneta onde a rosa silvestre florece con estraña abundancia. Tamén hai unha beleza particular nos florecementos dun tipo case exótico, unha tintura de rosa máis escura que conmociona ás flores Puritanas. Hai dúas mil xeracións (xeracións de rosas, quero dicir) esta era a rúa dunha vila: había decadencia floral cando deixaron a súa simple vida e as rosas chegaron desde as terras salvaxes para rubir arredor das casas das persoas.

De todos os recordos desa pequena vila, de todas as casoupas que alí estaban, de todos os homes e mulleres que tiñan alí o seu fogar, non queda nada salvo un rubor máis bonito na cara das rosas.

Espero que cando Londres estea totalmente limpo e os campos derrotados volvan de novo, como a xente exiliada que volve despois dunha guerra, poderán atopar algunha cousa bonita para recordalos a todos; porque amamos un pouco a esa escura e vella cidade.

## O HOME DOS BRINCOS DE OURO

Pode que isto só fora un soño. Polo menos é certo que un día volvíñ desde o tráfico dunha cidade e cheguei ata as súas dársenas e vin os seus lodosos embarcadoiros introducíndose, verdes e empinados, na auga, e vin o gran río gris deslizándose e as cousas perdidas que ían con el virando sen parar, e pensei nas nacións e o Tempo sen compaixón, e vin e marabilleime cos maxestosos navíos que chegaban novamente desde o mar.

Foi entón, se non me equivoco, cando vin apoiado contra una parede, coa súa face mirando aos navíos, un home con brincos de ouro. A súa pel tiña o ton escuro dos homes do sur: os pelos negros coma o carbón do seu mostacho estaban brancos por un pouco de sal; vestía unha chaqueta azul escura de mariñeiro, así como as longas botas propias deles, mais a súa mirada estaba moito máis aló dos barcos, parecía observar as cousas máis afastadas.

Incluso cando lle falei non mudou esa mirada, senón que respondeu soñador coa mirada fixa coma se os seus pensamentos estivesen en mares afastados e solitarios. Pregunteille por que barco viñera ata aquí, pois había moitos. Os buques de vela estaban alí con todas as velas pregadas e os seus mastros rectos e quietos coma un bosque invernal; os barcos de vapor estaban tamén alí, xunto cos grandes cruceiros, expulsando fume cara ao crepúsculo. Dixo que non fora por ningún. Pregunteille en que liña traballaba, pois claramente era mariñeiro; mencioneille liñas ben coñecidas, mais non as recoñeceu. Despois pregunteille onde traballaba e de que. Dixo:

—Traballo no Mar dos Sargazos e son o último pirata, o último que queda vivo.

E deille a man non sei cantas veces. Dixen:

—Temiamos que estiveses morto. Temiamos que estiveses morto.

E tristemente respondeu:

—Non. Non. Pequei demasiado fondo nos mares españois: non se me permite morrer.

## O SOÑO DO REI KARNA-VOOTRA

O rei Karna-Vootra estaba sentado no seu trono ordenando todo e dixo:

—A pasada noite vin moi claramente á raíña Vava-Nyria. Aínda que estaba parcialmente oculta por nubes grises que se deslizaban continuamente ao seu redor, dando voltas sen parar, a súa face era visible e brillaba, pois estaba chea de luar.

»Díxenlle a ela:

»“Paseade comigo polos grandes estanques no axardinado e fermoso Istrakhan, onde os lirios flotan e producen deliciosos soños; ou, apartando a cortina das orquídeas colgantes, pasade comigo desde os estanques por unha senda secreta a través da intransitable xungla que cobre o único camiño entre as montañas que rodean Istrakhan. Cércano e contéplano con xúbilo pola mañá e á noite, cando os estanques aínda non están habituados á luz, ata que, na súa alegría, ás veces fúndese a fatal neve que mata nos solitarios cumios aos montañeiros. Teñen vales entre eles máis antigos que as engurras da lúa.

»Vinde comigo alí ou permanecede comigo aquí e iremos a terras románticas das que os homes das caravanas só falan en cancións; ou camiñaremos languidamente nunha terra tan fermosa que mesmo as bolboretas que voan ao seu redor, cando ven as súas imaxes proxectadas nos estanques sagrados, atérranse pola súa beleza, e cada noite escoitaremos os innumerables reiseñores todos nun coro cantando ás estrelas ata a morte. Facédeo e enviarei heraldos lonxe de aquí con noticias da vosa beleza; e correrán e virán ata Séndara e falarán dela aos homes que coidan rabaños de ovellas marróns; e desde Séndara o rumor espallarase, baixando por ambas as beiras do río sagrado de Zoth, ata que os construtores de cercas das chairas escoiten e canten sobre a vosa beleza; mais os heraldos irán cara ao norte seguindo os outeiros ata que cheguen a Sooma. E nesa cidade dourada contaránlle aos reis, que sentan na súa acomodada casa de alabastro, sobre os vosos estraños e súbitos sorrisos. E a miúdo nos mercados distantes, os mercantes contarán a vosa historia que escoitaron en Sooma mentres sentan e contan contos despreocupados para atraer á xente ata as súas mercadorías.

»E os heraldos que pasen desde ese lugar virán incluso a Ingra, onde sempre están danzando. E alí falarán de vós, de modo que o voso nome sexa cantado durante longo tempo naquela alegre cidade. E alí tomarán prestados camelos e cruzarán as areas e camiños do deserto ata a distante Nirid para falarlles de vós aos solitarios homes dos mosteiros das montañas.

»Ven comigo agora, pois é primavera”.

»E en canto dixen isto, ela sacudiu a cabeza, vaga mais perceptiblemente. E foi entón cando recordei que perdera a miña xuventude e que ela morrera había corenta anos.

## A TORMENTA

Viron unha pequena barca que estaba lonxe no mar e que navegaba co nome de «Petite Espérance». Debido aos seus rústicos aparellos e o seu aire solitario e a aparencia que tiña de volver de terras estrañas, dixeron:

—Non é unha nave que recibir nin desexar, tampouco á que axudar cando está nas mans do mar.

E o mar subía tal e como é o costume do mar e o pequeno navío na distancia estaba nas súas mans, e máis febles ca nunca semellaban os seus débiles mastros coas súas velas dun corte fantástico e as súas bandeiras estranxeiras. E o mar produciu unha gran e triunfante voz, tal e como facía o mar. E entón elevouse unha onda moi forte, máis que o noveno fillo do furacán e a marea, e escondeu o pequeno navío e todas as afastadas partes do mar. E isto dixeron os que estaban na boa terra seca:

—Era un navío estranxeiro, pequeno e sen valor, e agora está afundido no mar e é bo e correcto que a tormenta o arruinara.

Volvéronse e viron o curso dos homes mercantes, cargados con prata e especias relaxantes; ano tras ano, aclamábanos cando chegaban ao porto e eloxiaban aos seus deuses e ás súas velas familiares. E pasaron moitos anos.

E ao final coas cubertas e baluartes cubertos con telas e ouro; con papagaios milenarios que coñeceran aos trovadores, que cantaban cancións ilustres e que acicalaban as súas plumas douradas; con bodegas cheas de esmeraldas e rubís; todas sedosas con botíns indios; enrolándose mentres viña nas súas velas estranxeiras desgastadas pola viaxe un galeón que se deslizaba no porto, apagando a luz do sol para os mercantes: e velaí! Aproximábase a equidade dos penedos.

—Quen sodes —preguntaron—, navío marabilloso que ven desde lonxe?

E eles dixeron:

—A «Petite Espérance».

—Ó —dixo a xente da costa—, pensabamos que estabades afundidos no mar.

—Afundidos no mar? —cantaron os mariñeiros—. Non podemos afundir no mar... temos os deuses a bordo.

## UNHA IDENTIDADE EQUIVOCADA

Fama, mentres andaba polo serán nunha cidade, viu a cara pintada de Notoriedade presumindo baixo unha lámpada de gas, e moitos se axeonllaban ante ela na sucidade da calzada.

—Quen es? —preguntoulle Fama.

—Son Fama —dixo Notoriedade.

Entón Fama escapuliuse coidadosamente para que ninguén soubese que marchara.

E Notoriedade inmediatamente avanzou e todos os seus adoradores levantáronse e seguírona, e ela dirixiunos, tal e como era máis coñecido, ao seu Abismo nativo.

## A VERDADEIRA HISTORIA DA LEBRE E A TARTARUGA

Durante longo tempo houbo dúbidas con acritude entre as bestas sobre quen podería correr máis rápido, se a Lebre ou a Tartaruga. Algúns dicían que a Lebre era a máis rápida dos dous porque tiña as orellas moi longas, e outros dicían que a Tartaruga sería máis rápida porque calquera cunha cuncha tan dura podería ser capaz de correr igual de duro que a cuncha. E velaí, as forzas do distanciamento e a desorde perpetuamente pospoñían unha proba decisiva.

Mais cando se achegaba unha guerra entre as bestas, ao final chegouse a un acordo e decidiuse que a Lebre e a Tartaruga deberían correr unha carreira de cinco mil xardas de modo que todos puidesen ver quen tiña razón.

—Isto é unha idiotéz ridícula! —dixo a Lebre, e foi o que todos os seus partidarios puideron conseguir para que correse.

—O concurso é moi ben recibido pola miña parte —dixo a Tartaruga—, non o eludirei.

Oh, como a aclamaban os que a apoiaban.

Os sentimentos estaban en ebulición o día da carreira; o ganso correu onda o raposo e case lle dá unha bicada. Ambos os bandos falaban en alto sobre a inminente vitoria ata o mesmo intre do comezo da carreira.

—Estou completamente segura do meu éxito —dixo a Tartaruga.

Mais a Lebre non dixo nada, parecía aburrída e molesta. Algúns dos seus partidarios desertaran e cambiaran de bando, que aclamaba máis alto á Tartaruga con palabras de ánimo. Mais moitos quedaron coa Lebre.

—Non nos decepcionará —dixeron—. Unha besta con orellas tan longas está destinada a gañar.

—Dálle duro —dixeron os que apoiaban á Tartaruga.

E «dálle duro» converteuse nunha especie de bordón que todos repetían entre eles.

—Cuncha dura e vida dura. Iso é o que quere o país. Dálle duro —dicían.

E todas estas palabras nunca foron pronunciadas, mais as multitudes as coreaban desde os seus corazóns.

Entón comezaron a correr e, de súpeto, formouse un silencio.

A Lebre saíu correndo durante cen xardas, entón mirou ao seu redor para ver onde estaba a súa rival.

—É bastante absurdo —dixo— correr cunha Tartaruga.

E sentou e abandonou.

—Dálle duro! Dálle duro! —gritaron algúns.

—Deixádea descansar —gritaban outros.

E «deixádea descansar» tamén se converteu nun bordón.

E máis tarde, a súa rival achegouse a ela.

—Aí ben a maldita Tartaruga —dixo a Lebre, e levantouse e correu tan rápido como puido para non deixar que a Tartaruga lle vencese.

—Gañarán esas orellas —dicían os seus amigos—. Esas orellas gañarán e establecerán sobre unha base indiscutible a verdade do que dixemos.

E algúns deles volveron xunto cos partidarios da Tartaruga e dixeron:

—Que pasou coa vosa besta?

—Dálle duro —responderon—. Dálle duro!

A Lebre correu case durante tres mil xardas, case ata a meta, cando, de súpeto, ocorréuselle que estaba a facer un ridículo enorme correndo nunha carreira cunha Tartaruga á que nin sequera podía ver, así que sentou e abandonou.

—Dálle duro. Dálle duro —dicía a multitude—. Deixádeo descansar.

—De que serve? —dixo a Lebre, e esta vez detívose definitivamente. Algúns dicían que durmía.

Houbo unha emoción desesperada durante unha hora ou dúas, e entón gañou a Tartaruga.

—Dálle duro. Dálle duro —gritaron os que a apoiaban—. Cuncha dura e vida dura: grazas a iso foi quen de conseguilo.

E entón preguntáronlle á Tartaruga que significaba o seu logro, e el foi preguntarlle á Tartaruga mariña. E a Tartaruga mariña dixo:

—É unha vitoria gloriosa para as forzas da velocidade.

E entón a Tartaruga repetiuno ao seus amigos. E todas as bestas calaron durante anos. E incluso ata hoxe en día «unha vitoria gloriosa para as forzas da velocidade» é un bordón na casa do caracol.

E a razón de que esta versión da carreira non sexa coñecida é que poucos dos que a testemuñaron sobreviviron ao grande incendio que sufrira o bosque pouco despois. Chegara sobre o bosque, durante a noite cun gran vento. A Lebre e a Tartaruga e moi poucas bestas máis vírono desde un outeiro alto e nu que estaba no bordo das árbores, e apuraron a convocar unha reunión para decidir que mensaxeiro deberían enviar a avisar ás bestas do bosque.

Enviaron á Tartaruga.

## SÓ OS INMORTAIS

Escoitei dicir que lonxe de aquí, no peor lugar dos desertos de Catai e nun país dedicado a invernarse, están todos os anos que morreron. E alí un certo val péchaos e escóndeos, como di o rumor, do mundo, mais non da vista da lúa nin daqueles que soñan nos seus raios.

E eu dixen: irei desde aquí por camiños de soños e chegarei ata aquel val e entrarei e chorarei polos bos anos mortos. E dixen: tomarei unha coroa, unha coroa de lamentos, e poñereina aos seus pés en sinal da miña dor polos seus destinos.

E cando busquei entre as flores, entre as flores para a miña coroa de lamentos, o lirio parecía demasiado longo e o loureiro demasiado solemne e non atopei nada o suficientemente delicado nin valioso que servise de ofrenda para os anos mortos. E ao final fixen unha delgada coroa de margaridas dun modo que vin facer nun dos anos mortos.

—Isto —dixen— é menos delicado ou valioso que calquera deses febles anos esquecidos.

Entón tomei na miña man a coroa e marchei de alí. E cando cheguei por sendas de misterio ata esa terra romántica, onde o val, segundo conta o rumor, descansa a carón da montañosa lúa, busquei entre a herba eses pobres escasos anos para os que trouxera a miña pena e a miña coroa. E cando alí atopei nada máis que herba, dixen:

—Tempo rompeunos e varreunos sen deixar sequera vagos vestixios.

Mais mirando cara arriba na lumarada da lúa, de súpeto, vin colosos sentando cerca que superaban en altura e bloqueaban as estrelas e enchían a noite con escuridade; e aos pés deses ídolos vin como rezaban e facían reverencias reis, os días que existen e todos os tempos e todas as cidades e nacións e todos os seus deuses. Nin o fume do incenso nin o do sacrificio ardente chegaron ata as súas colosais cabezas. Sentaban para non ser medidos, para non ser derrocados, para non ser eliminados.

Eu dixen:

—Quen son eses?

Un respondeu:

—Só os Inmortais.

E eu dixen triste:

—Non vin a ver deuses pavorosos, senón a derramar as miñas bágoas e ofrecer flores aos pés de certos pequenos anos que están mortos e non volverán endexamais.

El respondeume:

—Estes «son» os anos que están mortos, só os inmortais; todos os anos que existen son os Seus fillos. Eles modelaron os seus sorrisos e as súas risas; todos os reis da terra foron coroados por Eles, todos os deuses foron creados por Eles; todos os acontecementos flúen desde os seus pés coma un río, os mundos son pequenas pedras que Eles xa lanzaron, e Tempo e todos os séculos detrás del axeónllanse aquí con brasóns dobrados en sinal de vasalaxe ante os Seus poderosos pés.



E cando escoitei isto din a volta coa miña coroa e volvín á miña propia terra consolado.

## UN PEQUENO CONTO MORAL

Había unha vez un Puritano serio ao que non se lle daba ben bailar. E polos seus principios traballou duro, a súa era unha vida fervente. E todos os que odiaban a danza o amaban; e todos os que amaban a danza o respectaban tamén. Todos dicían:

—É un home puro e bo e actúa segundo o seu punto de vista.

Fixo moito para disuadir a xente de bailar e axudou a pechar varios lugares de ocio dos domingos. Dicía que lle gustaban algúns tipos de poesía, mais non o tipo imaxinativo, xa que podería corromper os pensamentos dos máis novos. Sempre vestía de negro.

Estaba moi interesado na moralidade e era moi sincero, fíxo que o respecto medrara moito na Terra pola súa cara honesta e a súa fluída barba de cor branca pura.

Unha noite aparecéuselle o Diabo nun soño e díxolle:

—Ben feito.

—Fóra —dixo o home serio.

—Non, non, amigo —dixo o Diabo.

—Non te atrevas a chamarme «amigo» —respondeu valentemente.

—Veña, veña, amigo —dixo o Diabo—. Non fixeches o meu traballo? Non separaches as parellas que querían bailar? Non revisaches as súas risas e o seu xúbilo maldito? Non vestiches a miña librea de negro? Oh, amigo, amigo, non sabes que cousa máis detestable é sentar no inferno e escoitar a xente feliz, e cantando nos teatros e cantando nos campos, e murmurando despois dos bailes baixo a lúa.

E comezou a maldicir con temeridade.

—Es ti —dixo o Puritano—, o que pon nos seus corazóns o malvado desexo de danzar; e o negro e a librea propia de Deus, non a túa.

E o Diabo riu con desprezo e falou.

—El só fíxo as cores estúpidas —dixo—, e as inútiles albas nas ladeiras dos outeiros que miran cara ao sur, e as bolboretas que axitan as súas ás sobre elas tan pronto como ascende o sol, e as doncelas estúpidas que saen a bailar, e o quente vento tolo do oeste, e, peor ca todo iso, a influencia perniciosa do Amor.

E cando o Diabo dixo que Deus fixera o Amor, o home serio acomodouse na cama e gritou:

—Blasfemia! Blasfemia!

—É certo —dixo o Diabo—. Non son eu quen envía á vila idiotas murmurando e falando entre dentes por parellas nos bosques cando está alta a lúa da colleita, iso é canto podo soportar despois de velos bailar.

—Entón —dixo o home—, erreí o bo co malo; mais tan pronto como esperte loitarei contra ti.

—Oh, non o farás —dixo o Diabo—. Non vas espertar deste sono.

E nalgún sitio afastado abríronse as negras portas de aceiro do Inferno, e collidos do brazo aqueles dous foron engulidos dentro, e as portas pecháronse detrás deles. Aínda así foron collidos do brazo, camiñando lonxe e fatigosamente nas profundidades do Inferno, e foi o castigo do Puritano saber que aqueles polos que se preocupaba na Terra farían maldades tal e como el as fixera.

## O RETORNO DE CANCIÓN

—Os cisnes están cantando de novo —dixeron os deuses uns aos outros.

E, mirando cara abaixo, pois os meus soños me levaran a algún Valhalla fermoso e afastado, vin debaixo de min unha burbulla iridescente, apenas máis grande que unha estrela, brillar fermosa mais feblemente, e subindo aos poucos e semellando cada vez máis grande chegou unha bandada de cisnes brancos e innumerables, cantando, cantando e cantando, ata que parecía que incluso os deuses eran navíos salvaxes que nadaban na música.

—Que é iso? —pregunteille a un que era humilde entre os deuses.

—Só acabou un mundo —díxome— e os cisnes volven onda os deuses para devolvernos o don da canción.

—Un mundo enteiro morto! —dixen.

—Morto —dixo el que era humilde entre os deuses—. Os mundos non son para sempre; só a canción é inmortal.

Despois dixo:

—Mira! Mira! Habará un novo cedo.

E mirei e vin as lavercaas baixando desde os deuses.

## PRIMAVERA NO POBO

Na esquina dunha rúa sentaba, xogando cun vento, o desconsolado Inverno.

Aínda sentían formigo os dedos dos transeúntes e aínda era visible o seu alento, e aínda achegaban as barbas aos seus abrigos cando xiraban nunha esquina na que se atopaban cun novo vento, aínda as xanelas iluminadas desde cedo enviaban á rúa o pensamento da comodidade romántica ao redor dos lumes nocturnos; estas cousas aínda existían, a pesar de que o trono de Inverno cambaleaba, e cada brisa traía mareas de fortalezas máis afastadas perdidas nos lagos ou ladeiras boreais. E non durante máis tempo que un rei, Inverno apareceu nesas rúas, como cando a cidade estaba adornada de branco brillante para recibilo coma conquistador e sobre o que montaba cos seus carambelos relucentes e o seu séquito altivo de ventos cabriolando, mais el sentaba alí cun pequeno vento na esquina dunha rúa coma algún vello mendigo cego co seu can famento. E tal e como se achega Morte a algúns vellos mendigos cegos, e as orellas de alerta do invidente oen profeticamente os seus pasos remotos, tamén chegou de súpeto a oídos de Inverno o son, desde algún xardín veciño, de Primavera achegándose mentres andaba entre as margaridas. E, mentres se achegaba, Primavera mirou ao agachado e vergoñento Inverno.

—Marcha —dixo Primavera.

—Non tes nada que facer aquí —respondeulle Inverno.

Aínda así achegou o seu manto gris e maltratado e levantouse para chamar ao seu pequeno e cortante vento e dirixiuse ás alancadas por unha rúa lateral que levaba cara ao norte.

Anacos de papel e altas nubes de po foron con el ata a porta exterior da cidade. Entón virouse e chamou a Primavera:

—Non podes facer nada nesta cidade —dixo.

Entón marchou en dirección a casa sobre as chairas e mares e escoitou os seus vellos ventos berrando mentres marchaba. O xeo rompía detrás del e afundiase coma se fosen barcos. A súa dereita e esquerda voaban as bandadas de paxaros mariños, e moi detrás del o lamento triunfante dos gansos soaba coma un clarín. Máis e máis medraba a súa estatura a medida que se dirixía ao norte e aínda máis rexia se volvía a súa aparencia. Ora tomaba baronías nunha alancada, ora condados e chegou de novo ás terras conxeladas de cor branco neve onde os lobos saían a recibilo e, cubríndose de novo con vellas nubes grises, andou ás alancadas a través das portas do seu invencible fogar, dúas vellas barreiras de xeo que xiraban en piares conxelados que nunca coñeceran o sol.

Así que o pobo quedou para Primavera. E ela miraba de preto para ver que podía facer con el. Inmediatamente viu un can abatido que saía roldando pola rúa abaixo, así que lle cantou e o can brincou. Vino ao día seguinte exhibíndose con algo dun aire. Onde había árbores, ela achegouse e murmurou e eles cantaron a canción arbórea que só poden escoitar as árbores, e os abrochos verdes

chegaron asomándose coma estrelas mentres aínda era o crepúsculo, secretamente, un por un. Foi a xardíns e espertou do sono a quente e maternal terra. En pequenos campos nus e desolados chamou o azafrán dourado coma o lume, ou o seu irmán púrpura coma o fantasma dun emperador. Ela aledou as desgraciadas partes traseiras das casas sucias, aquí con maleza, alí cun pouco de herba.

Díxolle ao aire:

—Sé ocioso.

Os nenos comezaron a saber que as margaridas voaban en esquinas non frecuentadas. Os botoeiros comezaron a aparecer nos abrigos dos homes novos. O traballo de Primavera estaba terminado.

## DE COMO CHEGOU O INIMIGO A THLUNRANA

Fora profetizado de antigo e previsto desde remotos días que o seu inimigo viría sobre Thlunrana. E coñecíase a data da súa condena e a porta pola que debería entrar, mais ninguén profetizara quen sería o inimigo, excepto que sería un dos deuses que vivían entre as persoas. Mentres, Thlunrana, esa lamasería secreta, esa catedral maior de feiticaría, era o terror do val no que estaba asentada e de todas as terras ao seu redor. Tan estreitas e altas eran as súas xanelas e tan estrañas cando estaban iluminadas de noite que parecían contemplar á xente co diabólico ollar malicioso de algo que garda algún segredo na escuridade. Quen eran os magos e os delegados e o grande arquifeiticeiro daquel furtivo lugar non o sabía ninguén, pois ían cubertos con capas, capuchas e velos totalmente negros. Aínda que a súa condena estaba próxima e o inimigo da profecía debía chegar esa mesma noite a través da porta aberta do sur que tiña o nome de Porta da Condena, a rochosa estrutura de Thlunrana permanecía aínda misteriosa, venerable, terrible, escura e pavorosamente coroada coa súa condena. Non era frecuente que alguén se atrevese a vagar de noite preto de Thlunrana, cando os lamentos dos magos invocando non se sabe a Quen se alzaban feblemente desde as cámaras interiores, asustando aos amontoados morcegos; mais a última noite de todas chegou o home da casoupa con teito de palla negro xunto aos cinco piñeiros, pois quería ver Thlunrana unha vez máis antes de que o inimigo, que aínda que vivía entre as persoas era divino, viñera contra ela e a destruíse. Ascendeu o escuro val con audacia, mais os seus temores foron en aumento; o seu valor soportaba o seu peso, mais empezaba a fraquear un pouco. Entrou pola porta do sur á que chaman Porta da Condena. Entrou nun vestíbulo escuro e subiu por unha escaleira de mármore ata ver o que quedaba de Thlunrana. Colgaba da parte superior unha cortina de veludo negro e entrou nunha cámara chea de cortinas, cunha penumbra nela máis negra que calquera cousa que poida un imaxinarse. Nunha cámara sombría a carón desta, que se vía a través dunha arcada libre, uns magos con velas acendidas practicaban a súa feiticaría e murmuraban encantamentos. Todas as ratas do lugar desapareceran, marcharan choromicando escaleira abaixo. O home da casoupa de teito de palla negro pasou a través daquela segunda cámara: os magos non ollaron para el e non cesaron de murmurar. Pasou deles a través dunhas cortinas aínda de veludo negro e chegou a unha cámara de mármore negro onde non se movía nada. Só ardía unha vela na terceira cámara; non había xanelas. Sobre o pulido chan e baixo a lisa parede elevábase un pavillón de seda coas súas cortinas pechadas: era o sanctasanctórum daquel ominoso lugar, o seu misterio interno. A un e outro lado había escuras imaxes agochadas, homes ou mulleres ou estatuas cubertas, ou bestas adestradas para estar caladas. Cando a horrible quietude do misterio foi máis do que puido soportar, o home da casoupa de teito de palla negro xunto aos cinco piñeiros avanzou ata o pavillón de seda, e agarrando cunha man atrevida e nerviosa unha das cortinas, apartouna e viu o misterio interior, e riu. E entón cumpriuse a profecía, e Thlunrana non foi nunca máis un terror para o val, senón que os magos

abandonaron as súas terroríficas salas e fuxiron a campo aberto, lamentándose e dándose golpes no peito, pois a risa era o inimigo que, segundo estaba predestinado, viría contra Thlunrana pola porta do sur, coñecida como Porta da Condena, ademais de ser un dos deuses mais vive entre a humanidade.



## UN XOGO PERDIDO

Unha vez nunha taberna Home coñeceu cara a caveira a Morte. Home entrou alegremente mais Morte non lle deu a benvida, sentou coa súa meixela malhumoradamente sobre un viño ominoso.

—Ven, ven —dixo Home—, fomos antagonistas ata o de agora, e se xa fose perder non estaría malhumorado.

Mais Morte permaneceu antipática mirando a súa cunca de viño e non proferiu palabra de resposta.

Despois Home dilixentemente achegouse a ela e, falando alegre e tranquilamente, dixo:

—Ven, ven, non debes ofenderte pola derrota.

E aínda Morte estaba sombría e enfadada e bebeu un sorbo do seu infame viño e non ollaría a Home nin sería sociable.

Mais Home odiaba a pesadume tanto nas bestas coma en deuses, e ver o malestar da súa adversaria púxoo triste, sobre todo porque el era o culpable, e aínda así intentaba animala.

—Non asasinaches ao Deinoterio? —dixo—. Non apagaches a Lúa? Veña, aínda podes vencerme!

E cun son seco e semellante ao dun ladrido Morte chorou e non dixo nada; e ao momento Home levantouse e marchou sorprendido, pois non sabía se Morte choraba por pena polo seu opoñente ou porque sabía que non debería ter ese tipo de afeccións de novo cando o antigo xogo xa rematara e Home marchara, ou se porque, quizais, por algunha razón oculta, non podería repetir nunca xamais na Terra o seu triunfo sobre a Lúa.

## LEVANTANDO PICADILLY

Baixando por Picadilly un día e preto de Grosvenor Place vin, se non me falla a memoria, algúns obreiros sen os seus abrigos, ou iso parecía. Tiñan picas nas mans e vestían pantalóns de pana e esa pequena fita de coiro baixo o xeonllo que ten o increíble nome de «York-to-London».

Parecían estar traballando con peculiar vehemencia, así que decidín determe e pregunteille a un que estaban a facer.

—Estamos levantando Picadilly —díxome.

—Nesta época do ano? —dixen eu—. É normal en xuño?

—Non somos o que parecemos —dixo el.

—Oh, xa vexo —dixen—. Estádelo a facer por unha broma.

—Ben, non é iso concretamente —respondeume.

—Por unha aposta? —preguntei eu.

—Non exactamente —dixo el.

E entón ollei para o pouco que xa picaran e, aínda que era pleno día sobre a miña cabeza, alí abaixo estaba todo escuro, todo cheo de estrelas meridionais.

—Había moito ruído e era molesto, e nós decatámonos disto —dixo o que vestía pantalóns de pana—. Non somos o que parecemos.

Estaban levantando Picadilly enteiro.

## DESPOIS DO LUME

Cando sucedeu o que tardou tanto en suceder e o mundo chocou contra unha estrela negra e inexplorada, certas criaturas enormes dalgún outro mundo chegaron mirando de preto entre as cinsas para ver se había algo alí que valesse a pena recordar. Falaron das grandes cousas polas que era coñecido o mundo; mencionaron ao mamut. E ao momento viron templos de humanos, silenciosos e sen xanelas, elevándose coma caveiras baleiras.

—Aquí houbo algo increíble —dixo un—, nestes lugares tan grandes.

—Foi o mamut —dixo un.

—Algo meirande ca iso —dixo outro.

E entón atoparon que a maior cousa do mundo foran os soños dunha persoa.

## A CIDADE

Tanto no tempo coma no espazo o meu capricho deambula lonxe de aquí. Unha vez levoume ao bordo de certos acantilados que eran baixos e vermellos e elevábanse sobre un deserto: un pouco lonxe no deserto había unha cidade. Era serán e eu sentaba e ollaba a cidade.

Inmediatamente vin homes en grupos de tres e catro que se xuntaban coidadosamente fuxindo pola porta da cidade para sumar arredor de vinte. Escoitei o cantaruxo das voces dos homes falando ao serán.

—Está ben que marcharan —dixeron—. Está ben que marcharan. Agora podemos traballar. Está ben que marcharan.

E os homes que deixaran a cidade saíron correndo sobre a area e pasaron polo crepúsculo.

—Quen son estes homes? —preguntei ao meu brillante líder.

—Os poetas —respondeu o meu capricho—. Os poetas e artistas.

—Por que marchan? —volvín preguntar—. E por que a xente está contenta de que xa non estean?

El dixo:

—Debe ser algún tipo de condena que está por caer na cidade, algo os avisou e entón eles escaparon. Nada pode avisar á xente.

Escoitei as voces de discusión, contentas co comercio, elevándose sobre a cidade. E entón tamén partín, pois había unha visión ominosa na face do ceo.

E só mil anos despois pasei por alí de novo, e non había nada, incluso entre a maleza, do que fora aquela cidade.

## A COMIDA DE MORTE

Morte estaba enferma. Mais leváranlle pan do que facían os panadeiros modernos, branqueado con alume e as carnes en lata de Chicago, cun belisco do noso substituto moderno do sal. Cargaron con ela ata o comedor dun gran hotel (nesa atmosfera pechada Morte respiraba máis libremente), e alí déronlle o seu barato té indio. Leváronlle unha botella de viño ao que chamaban champaña. Morte bebeuna. Trouxeron un diario e miraron nas medicinas patentadas; déronlle as comidas que recomendaban para inválidos, e unha pequena medicina tal e como prescribía o documento. Déronlle un pouco de leite e bórax, coma o que beben os nenos ingleses. Morte levantouse rapaz, forte e comezou a andar ás alancadas a través das cidades.

## O ÍDOLO SOLITARIO

Un amigo regaloume unha antiga pedra estranxeira, un pequeno ídolo con cara de porco ao que ninguén rezaba.

E cando vin a súa melancólica condición mentres sentaba coas pernas cruzadas no receptáculo de oración, mantendo un pequeno flaxelo que os anos romperan (e ninguén facía caso ao flaxelo nin rezaba e ninguén viña con sacrificios vivos; e el fora un deus), entón deume pena esa pequena cousa esquecida e receille coma quizais non lle rezaban desde hai tempo, antes da chegada dos estraños barcos escuros, e humilleime e dixen:

—Oh, ídolo, ídolo da dura pedra pálida, invencible ante os anos, oh, portador do flaxelo, escoitade os meus rezos.

»Oh, pequena imaxe verde pálida con viaxes de lugares afastados, sabede que aquí en Europa e noutras terras próximas, moi cedo marchan de nós os doces e cancións e a forza propia do león da xuventude: demasiado cedo se desvanecen as súas meixelas, o seu pelo crece gris e os nosos amados morren; demasiado fráxil é a beleza, demasiado lonxe está a fama e os anos reúnen demasiado cedo; hai follas, follas caendo, caendo por todas partes; hai outono entre as persoas, outono e sega; hai fracaso, loita, morte e choros, e non permaneceu nada de todo o que é fermoso, senón que é como a gloria da mañá sobre a auga.

»Incluso as nosas memorias tamén se reúnen co son das antigas voces, as agradables voces antigas que xa non chegan aos nosos ouvidos; os propios xardíns da nosa infancia desvanecéronse e atenúase coa velocidade dos anos, incluso o ollo da propia mente.

»Oh, xa non sexades amigo de Tempo, pois a présa silenciosa dos seus malévolos pés pisaron o que é máis fermoso; case escoito os xemidos dos anos correndo detrás del coma cans, e non se necesita moito para arrincarnos.

»Rompe todo o que é fermoso coma un xigante esmaga margaridas, todo o que é máis fermoso. Como fermosos son os nenos pequenos dos homes. É outono en todo o mundo e as estrelas choran ao contemplalo.

»Polo tanto, non sexades xa amigo de Tempo, quen non nos deixará ser, e non sexades bo con el, senón apiadádevos de nós, e permitide que vivan as cousas bonitas en nome das nosas bágoas.

Así recei, desde a compaixón un día ventoso ao ídolo con cara de fociño ante o que ninguén se axeonllaba.

## A ESFINXE DE TEBAS (MASSACHUSETTS)

Había unha muller nunha cidade de aceiro que tiña todo o que o diñeiro podía comprar, tiña ouro e dividendos, e trens e casas, e tiña mascotas coas que xogar, mais non tiña unha esfínxe.

Así que suplicoulles para que lle levaran unha esfínxe viva; e polo tanto foron á colección de animais salvaxes e despois aos bosques e lugares desertos, e aínda así non atoparon ningunha esfínxe.

E estaría contenta cun pequeno león, mais ese xa o tiña unha muller que coñecía, así que tiña que buscar de novo por todo o mundo unha esfínxe.

E aínda así non había ningunha.

Mais non eran persoas fáciles de frustrar, e ao final atoparon unha esfínxe nun deserto pola noite ollando un templo en ruínas cuxos deuses comera hai centos de anos cando a fame estaba nela. E lanzáronlle cadeas, a ela que aínda permanecía nunha calma ominosa, e levárona con eles cara ao oeste e levárona a casa.

Entón a esfínxe chegou á cidade de aceiro.

E a muller estaba moi contenta por posuír unha esfínxe; mais a esfínxe quedou un día mirando aos seus ollos durante longo tempo e, coidadosamente, contoulle unha adiviña á muller.

E a muller non puido responder, e morreu.

E a esfínxe está muda de novo e ninguén sabe que vai facer.

## A RECOMPENSA

O espírito dun vai máis lonxe en soños que de día. Deambulando unha noite desde unha cidade de fábricas cheguei ao bordo do Inferno.

O lugar era repugnante con cinsas e cousas abandonadas, e cousas dentadas e medio derretidas con bordos sen forma, e había un anxo enorme cun martelo construíndo algo con xeso e aceiro. Pregunteime que facía nun lugar tan pavoroso. Dubidei, despois pregunteille que estaba a construír.

—Estamos engadíndonos ao Inferno —dixo—, para manter a paz cos tempos.

—Non sexades demasiado duros con eles —dixen, pois acababa de chegar dunha idade comprometida e dun país feble.

O anxo non respondeu.

—Non será tan malo coma o antigo inferno, non? —dixen.

—Peor —dixo o anxo.

—Como podes reconciliar iso coa túa consciencia coma Ministro de Deus —dixen eu—, inflixindo tal castigo?

(Falaban deste xeito na cidade da que viñera e non podía evitar este costume).

—Inventaron un novo fermento barato —dixo o anxo.

Mirei á lenda nos muros do inferno que estaba a construír o anxo, as palabras estaban escritas en lume, cada quince segundos cambiaban a súa cor «Formentol, o novo gran fermento, constrúe corpo e mente, e algo máis».

—Deberán velo para sempre —dixo o anxo.

—Pero levaron a cabo un intercambio perfectamente lexítimo —dixen eu—, a lei permitiuno.

O anxo seguiu martelando no lugar no que o enorme aceiro se elevaba.

—Es moi vingativo —dixen eu—. Nunca descansas de facer este traballo tan terrible?

—Descansei o día de Nadal —dixo o anxo—, e mirei e vin nenos pequenos morrendo de cancro.

Debo seguir agora ata que estean acesos os lumes.

—É moi difícil de comprobar —dixen— que o fermento é tan malo como pensas.

»Despois de todo —dixen—, deben vivir.

E o anxo non respondeu, senón que seguiu construíndo o seu inferno.



## O PROBLEMA NA RÚA LEAFY GREEN

Foi á tenda de ídolos da rúa Moleshill, onde o home vello murmura, e dixo:

—Quero un deus ao que adorar cando chova moito.

O vello recordoulle as grandes penas que están fortemente ligadas á idolatría e, cando rematou de enumerar todas, ela respondeulle igual que ao principio:

—Dáme un deus que adorar cando chova moito.

E foi á parte traseira da súa tenda e buscou e colleu un deus para ela. O deus estaba tallado en pedra gris e vestía unha mirada oportuna e o seu nome, tal e como murmuraba o home vello, era o Deus da Alegría Chuviosa.

Ben puido ser que aquel largo confin na casa afectara negativamente ao fígado, ou que esas cousas puideran ser da alma, mais certo é que nun día chuvioso os seus espíritos descenderon tanto que ata aquelas criaturas alegres viñeron dentro da vista do Abismo e, tendo probado cigarros sen éxito, ela considerou ir á rúa Moleshill e falar co home que murmura.

Trouxo o ídolo gris e murmurou sobre as garantías, aínda que non puxo nada sobre papel, e ela pagoulle o seu ridículo prezo e colleu o ídolo.

E no seguinte día chuvioso que houbo endexamais, rezou ao ídolo de pedra gris que trouxera, o Deus da Alegría Chuviosa (quen sabe con que cerimonia ou se mesmo sen ela?), e entón levou ata ela, na rúa Leafy Green, na ridícula casa da esquina, aquela condena da que falaban todas as persoas.

## A NÉBOA

A néboa dixo cara á néboa:

—Permítenos subir aos Outeiros.

E a néboa subiu chorando.

E a néboa foi ata elevados lugares e ós ocos.

E grupos de árbores na distancia elevábanse de forma fantasmagórica na néboa.

Mais fun onda un profeta, un que amaba os Outeiros, e díxenlle:

—Por que sobe esta néboa chorando aos Outeiros cando vai aos lugares elevados e aos ocos?

E el respondeu:

—A néboa é a compañía dunha multitude de almas que nunca viron os Outeiros, e agora están mortos. Polo tanto soben chorando aos Outeiros os que están mortos e nunca os viron.

## FORMASUCOS

Ía vestido todo de negro, mais o seu amigo ía vestido de marrón, membros de dúas familias ancestrais.

—Hai algún cambio no modo no que construídes as vosas moradas? —dixo o de negro.

—Sen cambios —dixo o outro—. E vós?

—Non cambiamos nada —dixo.

Un home pasaba ao lonxe montando un biciclo.

—Sempre está cambiando —dixo o de negro— como moi tarde cada século. É intranquilo. Sempre cambiando.

—Cambia o modo en que constrúe a súa morada, non si? —dixo o de marrón.

—Iso di a miña familia —dixo o outro—. Din que cambiou tarde.

—Din que leva moito ás cidades? —preguntou o de marrón.

—O meu primo, que vive en campanarios, iso di —respondeu o de negro—. Di que son moitos nas cidades.

—E alí crece delgado? —preguntou o de marrón.

—Si, medra delgado.

—É verdade o que din? —dixo o de marrón.

—Cra —dixo o de negro.

—É verdade que non pode vivir varios séculos?

—Non, non —dixo o de negro—. O formasucos non morrerá. Non debemos perder ao formasucos. Ultimamente foi idiota, xogou con fume e está enfermo. Os seus motores cansárono e as súas cidades son malvadas. Si, está moi enfermo. Mais nuns poucos séculos esquecerá a súa idiotéz e non perderemos ao formasucos. Desde tempos esquecidos indagou e a miña familia ten a súa comida da terra bruta detrás del. Non morrerá.

—Pero din iso, non si? —dixo o marrón—. As súas cidades son ruidosas, e din que el enferma nelas e que xa non poden correr, e iso pasa con el coma cando nós crecemos demasiado, e a herba ten o sabor picante na estación chuviosa, e os nosos mozos medran inchados e morren.

—Quen dixo iso? —respondeu o de negro.

—Pomba —respondeu o de marrón—. Volveu toda sucia. E Lebre foi ata a fronteira das cidades unha vez. Tamén o di. Home estaba demasiado enfermo para cazala. Pensa que Home morrerá, e o seu amigo maldito Can con el. Can, el morrerá. Ese repugnante Can. Tamén morrerá, o compañeiro repugnante!

—Pomba e Lebre! —dixo o de negro—. Non perderemos ao formasucos.

—Quen che dixo que non vai morrer? —preguntou o seu amigo marrón.

—Quen mo dixo! —dixo o de negro—. A miña familia e a súa entendéronse entre eles desde

tempos esquecidos. Sabemos que tolemias os matarán entre eles e a cales sobrevivirán, e digo que o formasucos non morrerá.

—Morrerá —dixo o de marrón.

—Cra —dixo o outro.

E Home dixo no seu corazón:

—Só un invento máis. Hai algo que aínda quero facer co petróleo, e entón deixareino todo e volverei ao bosque.

## ENSALADA DE LAGOSTA

Estaba escalando arredor do perigoso exterior do Palacio de Colquonhombros. Tan lonxe debaixo de min que no tranquilo crepúsculo e claro aire desas terras podía só escasamente ver como se estendían os escarpados cumes das montañas.

Non estaba sobre as ameas nin bordos de terrazas polas que escalaba, senón na cara limpa do propio muro, conseguindo os apoios que podía onde se xuntaban as penedas.

Se os meus pés estivesen nus, estaría morto, mais, aínda que vestía a miña camisola de noite, tiña postas unhas botas de coiro grosso, e os seus bordos dalgún xeito mantiñanse nesas estreitas gretas.

Doíanme os dedos e os pulsos.

Se fose posible deterse un intre, estaría tentado a dar unha segunda ollada aos pavorosos picos das montañas situadas abaixo no crepúsculo, e isto sería mortal.

Que todo isto fora un soño non ten importancia. Todos caemos en soños antes, mais todos saben que se nalgunha desas caídas das contra o chan... morres. Mirei a eses cumios ameazantes e sabía ben que unha caída coma as que temín deberían ter tal conclusión. Entón seguín.

Son estrañas as diferentes sensacións que poden haber nas diferentes penedas (todo o mundo brillando coa mesma luz branca e todo o mundo escollido a pasar o seu descanso coma subordinados de antigos reis) cando a túa vida depende dos bordos de cada un volves en ti. Eses bordos parecían estrañamente diferentes. Non era de utilidade superar o terror dun, pois o seguinte daríache un soporte dun modo diferente ou unha man sobre a morte dun xeito distinto. Algúns eran demasiado afiados para agarrarse e algúns non sobresaían o suficiente da parede: aqueles cuxo soporte era mellor esborrallábanse antes. Cada rocha tiña o seu terror diferente: e entón estaban esas cousas que me seguían desde detrás.

E ao final cheguei a unha brecha feita hai tempo por un terremoto, raio ou guerra; debería baixar mil pés para rodeala e alcanzaríanme de facelo, pois certos simios sabres que aínda non mencionei, cousas que tiñan dentes de tigre e que nacían e crecían nesa parede, perseguíanme toda a noite. En calquera caso non podía ir máis lonxe, nin sabía que faría o rei por cuxo muro estaba a escalar. Era hora de caer e acabar con isto ou parar e esperar a eses simios.

E entón foi cando recordei un alfinete, tirado descoidadamente desde unha gravata de noite doutro mundo cara ao mundo no que crecía ese muro brillante, e estando agora, se non o eliminou ningunha casualidade maligna, sobre unha cómoda a carón da miña cama. Os simios estaban moi preto e apurando, pois sabían que os meus dedos estaban esvarando e os crueis picos desas montañas infernais parecían máis seguros de min que os simios. Estirei o brazo cun esforzo de vontade desesperado cara a onde permanecía o alfinete sobre a cómoda. Tentei un pouco. Atopeino! Apureino no meu brazo. Salvado!

## O RETORNO DOS EXILIOS

O home vello cun martelo e o home torto cunha lanza estaban sentados a carón da cuneta falando mentres eu subía o outeiro.

—Non é coma se non nos presuntasen —dixo o que tiña o martelo.

—Non hai máis de vinte que saiban sobre isto —dixo o outro.

—Vinte por vinte —dixo o primeiro.

—Despois de todos estes anos —dixo o torto coa lanza—. Despois de todos estes anos. Deberíamos volver polo menos unha vez.

—Por suposto que deberíamos —dixo o outro.

As súas roupas eran vellas incluso para os obreiros. O do martelo tiña un mandil de coiro cheo de buratos e ennegrecido, e as súas mans parecían coiro. Pero fosen quen fosen eran ingleses, e isto era algo agradable de ver despois de todos os motores que pasaran ante min ese día coa súa carga de nacionalidades dubidosas e mesturadas.

Cando me viron, o do martelo tocou o seu graxento gorro.

—Podemos ser tan atrevidos, señor —dixo—, de preguntar cal é o camiño cara a Stonehenge?

—Non deberíamos ir nunca —murmurou o outro con dor—. Non hai máis de vinte que o saiban, mais...

Estaba eu mesmo andando en bicicleta para ver o lugar así que lles sinalei o camiño e seguín o meu no momento, pois había algo tan totalmente servil en ambos os dous que non me preocupaba a súa compañía. Parecía, pola súa precaria aparencia, que foran perseguidos ou completamente abandonados durante moitos anos, pensei que moi posiblemente estiveran longos tempo realizando traballos forzados.

Cando cheguei a Stonehenge vin un grupo de arredor dunha vintena de persoas de pé entre as pedras. Preguntáronme con solemnidade se esperaba a alguén, e cando dixen que non deixaron de falarme. Había tres millas desde onde deixei a aqueles homes estraños, mais non levaba moito tempo no círculo de pedras cando apareceron con grandes alancadas sobre o camiño. Cando os viron toda a xente sacou os seus sombreiros e actuaron moi raro, e vin que tiñan unha cabra que subiron despois a antiga pedra do altar. E os dous vellos chegaron co seu martelo e lanza e comezaron pedindo desculpas con dor pola liberdade que se tomaran en volver a ese lugar, e toda a xente se axeonllou na herba ante eles. E aínda axeonllados mataron a cabra no altar, e cando os dous vellos viron isto pediron varias desculpas e impacientemente cheiraron o sangue. E ao principio isto alegrounos. Pero cedo o da lanza comezou a chorar.

—Adoitaban ser persoas —lamentouse—. Adoitaban ser persoas.

E as vinte persoas comezaron a mirarse intranquilos entre eles, e o carpido do torto seguiu nunha voz chorosa, e todos de súpeto ollaron para min. Non sei quen eran os dous vellos nin que facía

ningún deles, mais hai momentos nos que claramente é hora de marchar, e entón deixei nos alí. E mentres subía no meu bicicleta escoitei a carpida voz do home co martelo pedindo desculpas pola liberdade que tomara volvendo a Stonehenge.

—Mais despois de todos estes anos —escoiteino chorar—, despois de todos estes anos...

E o da lanza dixo:

—Si, despois de tres mil anos...

## NATUREZA E TEMPO

A través das rúas de Coventry unha noite de inverno vagaba un espírito triunfante. Detrás del, agachado, descoidado, totalmente farrapento, vestindo as roupas e coa aparencia dos parias, chorando, choromicando, reprochando, un espírito maltratado intentaba manter seu o ritmo. Continuamente ela o collía pola manga e berráballe mentres arquexaba e el continuaba camiñando ás alancadas resolto.

Era unha noite amarga, excepto polos tranvías e as feas tendas e o brillo das fábricas, das que sempre se apesaraba mentres coxeaba, aínda que non parecía ir o frío que ela temía, pois ía mal vestida e a beirarrúa fería os seus pés.

O que vagaba en fronte parecía non preocuparse por nada, fose calor ou vento, silencio ou ruído, beirarrúa ou campos abertos, simplemente tiña o aire de seguir camiñando.

E ela alcanzouno e agarrouno polo cóbado. Escoiteina falar cunha voz triste, pouco podías escoitar debido ao ruído do tráfico.

—Esquecíchesme —queixouse—. Abandonáchesme aquí.

Sinalou en dirección a Coventry cun amplo xesto do seu brazo e parecía indicar outras cidades máis alá. E el díxolle bruscamente que mantivese o seu ritmo e que non a abandonara. E ela seguiu coa súa penosa lamentación.

—Millas das miñas anemones morreron —dixo ela—, todos os meus bosques caeron e aínda crecen as cidades. O meu neno Home está infeliz e os meus outros nenos están a morrer, e aínda así as cidades medran e ti esquecícheste de min!

E entón volveuse cara a ela enfadado, case deténdose nese alanco seu que comezou cando se fixeran as estrelas.

—Cando me esquecín de ti? —dixo—. Ou cando te abandonei? Non tirei abaixo Babilonia por ti? E non é que Nineveh xa non existe? Onde está a Persépole que che molestaba? Onde Társis e Tiro? E díxeches que te esquecín.

E neste punto ela pareceu consolarse un pouco. Escoiteina falar unha vez máis, mirando tristemente ao seu compañeiro.

—Cando volverán de novo os campos e a herba para os meus nenos?

—Cedo, cedo —dixo el.

Entón calaron. E el seguiu andando ás alancadas, ela coxeando detrás del, e todos os reloxos das torres repicaron mentres pasaba.



## A CANCIÓN DO MERLO

Mentres o poeta pasaba pola árbore espiñosa o merlo cantaba.

—Como es quen de facelo? —dixo o poeta, pois coñecía a lingua dos paxaros.

—Foi algo así —dixo o merlo—. Realmente foi a cousa máis extraordinaria. Fixen esa canción a pasada primavera, veu a min de súpeto. Estaba a merla máis fermosa que o mundo viu endexamais. Os seus ollos eran máis negros que as lagoas durante a noite, as súas plumas máis negras que a propia noite, e nada era tan amarelo coma o seu bico; podía voar moito máis rápido co raio. Non era unha merla ordinaria, nunca houbo ningunha coma ela. Non me atrevía a ir onda ela porque era demasiado marabillosa. Un día, a pasada primavera, cando ía calor de novo (tiña ido frío, comiamos baias, as cousas eran bastante diferentes daquela, mais a primavera viu e con ela a calor) estaba pensando no marabillosa que era e pareceume tan extraordinario pensar que podería vela algunha vez, a única e realmente marabillosa merla do mundo, que abríñ o meu bico para berrar, e entón chegou esta canción, nunca houbera nada coma isto, e tiven sorte de recordala, a propia canción que acabo de cantar. Mais o que é máis extraordinario, a ocorrencia máis impresionante daquel día marabillosa foi que tan pronto como cantei a canción ,ese mesmo paxaro, a merla máis marabillosa do mundo, voou onda min e sentou ben preto de min na mesma árbore. Non recordo tempos tan marabillosos coma eses.

»Si, a canción chegou no momento, e como ía dicindo...

Un vello errante que andaba cun pau achegouse e o merlo escapou voando, e o poeta contoulle ao vello a marabillosa historia do merlo.

—Esa canción nova? —dixo o errante—. Nin un anaco. Deus fíxoa hai anos. Todos os merlos adoitaban cantala cando era mozo. Era nova daquela.

## OS MENSAXEIRO

Un errante preto de Parnaso que cazaba lebres escoitou ás grandes Musas.

—Leva por nós unha mensaxe ao Pobo Dourado.

Así cantaron as Musas.

Mais o home dixo:

—Non me chaman a min. As Musas non falarían con alguén coma min.

E as Musas chamárono polo seu nome.

—Leva por nós unha mensaxe —dixeron—, ao Pobo Dourado.

E o home miraba cara abaixo pois podería cazar lebres.

E as Musas chamaron de novo.

E cando tanto nos vales coma nos elevados riscos dos outeiros escoitaba as Musas foi ao final onda elas e escoitou a súa mensaxe, aínda que de bo grado deixaríallo a outra persoa e perseguiría as veloces lebres aínda nos seus felices vales.

E elas déronlle unha coroa de loureiros gravados en esmeraldas como só poden tallar as Musas.

—Con isto —dixeron—. Deberán saber que vas de parte das Musas.

E o home partiu dese lugar e vestiuse con sedas escarlata como lle conviña a un que viña de parte das grandes Musas. E a través da entrada do Pobo Dourado correu e berrou a súa mensaxe, e a súa túnica flotou detrás del. Todos sentaron silenciosos, os sabios e os anciáns, aqueles do Pobo Dourado; cruzados de pernas sentaban ante as súas casas lendo dos pergamiños unha mensaxe das Musas que enviaran longo tempo atrás.

E o mozo berrou a mensaxe das Musas.

E eles levantáronse e dixeron:

—Iso non é das Musas. Elas dixeron outra cousa.

E acantazárono e morreu.

E despois gravaron a súa mensaxe sobre ouro; e lérono nos seus templos nos días santos.

Cando descansarán as Musas? Cando se fatigan? Elas enviaron outro mensaxeiro ao Pobo Dourado.

E déronlle unha vara de marfil para levar na súa man con todas as fermosas historias do mundo gravadas marabillosamente nelas. E só as Musas puideron gravala.

—Con isto —dixeron— deberán saber que vas de parte das Musas.

E entón pasou pola entrada do Pobo Dourado coa mensaxe que tiña para a súa xente. E eles levantáronse ao mesmo tempo na rúa Dourada, levantáronse de ler a mensaxe que tallaran sobre ouro.

—Os últimos que viñeron —dixeron— viñan cunha coroa de loureiros gravados en esmeraldas como só poden gravar as Musas. Ti non vés de parte das Musas.

E tal e como acantazaran o último, o mesmo fixeron con este. E despois gravaron a súa mensaxe en

ouro e deixárona nos seus templos.

Cando descansarán as Musas? Cando se fatigan? Aínda así unha vez máis elas enviaron un mensaxeiro baixo pola entrada do Pobo Dourado. E aínda que levaba vestida unha grilanda de ouro que lle deran as grandes Musas, unha grilanda de suave e amarelo botón de ouro na súa cabeza, aínda que vestía de puro ouro e que só podían facer as Musas, acantazárono no Pobo Dourado. Mais colleron a mensaxe, e que preocupaba ás Musas?

E aínda así non descansaban, pois pouco despois escoiteinas chamarme a min.

—Vai levar a nosa mensaxe —dixeron— ao Pobo Dourado.

Mais non iría. E elas falaron unha segunda vez.

—Vai levar a nosa mensaxe —dixeron.

E aínda así non iría, e elas berraron unha terceira vez:

—Vai levar a nosa mensaxe.

E aínda que berraron unha terceira vez, non iría. Mais mañá e noite berraron e durante longos seráns.

Cando descansarán as Musas? Cando se fatigan? E como non cesarían de chamarme fun onda elas e dixeran:

—O Pobo Dourado xa non é o Pobo Dourado. Venderon os seus piares por cobre e os seus templos por diñeiro, fixeron moedas de todas as portas douradas. Converteuse nunha cidade escura chea de problemas, non hai tranquilidade nas rúas, a beleza abandonouna e as vellas cancións partiron.

—Vai levar a nosa mensaxe —berraron.

E dixeranlle ás grandes Musas:

—Non o entendedes. Non tedes ningunha mensaxe para o Pobo Dourado, xa non é unha cidade santa.

—Vai levar a nosa mensaxe —berraron.

—Cal é a vosa mensaxe? —pregunteilles ás grandes Musas.

E cando escoitei a súa mensaxe puxen escusas, temendo dicir esas cousas no Pobo Dourado, e de novo ofrecéronme ir.

E dixeran:

—Non irei. Ninguén me vai crer.

E, aínda así, as Musas berráronme durante toda a noite.

Non entenden. Como poderían saber?

## OS TRES ALTOS FILLOS

E ao final Home alzou a gloria definitiva da súa civilización, a torre da cidade definitiva.

Coidadosamente baixo si mesmo nas profundidades da terra soaba a súa maquinaria que cumpría todas as súas necesidades, xa non había máis traballo duro para os humanos. Alí sentou a discutir con alivio o Problema do Sexo.

E ás veces dolorosamente desde os campos esquecidos, viña ata a súa porta exterior, viña ata a muralla máis afastada da gloria definitiva de Home, unha pobre vella muller suplicando. E sempre lle daban as costas. Esta gloria do logro de Home, esta cidade, non era para ela.

Era Natureza que chegaba así suplicando polos campos, a quen sempre lle daban as costas.

E de novo marchou soa cara aos seus campos.

E un día ela volveu, e de novo botárona de alí. Mais os seus tres altos fillos viñeran tamén.

—Estes poderán entrar —dixo ela—. Incluso estes, meus fillos, na vosa cidade.

E os tres altos fillos entraron.

E eses son os fillos de Natureza, os terribles fillos dunha solitaria, Guerra, Fame e Peste.

Sen dúbida entraron alí e Home atopou cousas descoñecidas na súa cidade aínda estudando os seus Problemas, obsesionado coa súa civilización, e nunca escoitando os seus pasos mentres os tres se achegaban por detrás.

## COMPROMISO

Construíron a súa fantástica casa, a súa cidade de gloria, sobre a guarida do terremoto. Eles construírona de mármore e ouro na mocidade brillante do mundo. Alí festexaron e loitaron e chamaron inmortal á súa cidade, e danzaron e cantaron cancións aos seus deuses. Ninguén prestaba atención ao terremoto en todas esas rúas alegres. E abaixo, nas profundidades da terra, sobre os negros pés do abismo, aqueles que conquistarían a Home murmuraron longo tempo na escuridade, murmuraron e provocaron ao terremoto para que probase a súa forza con esa cidade, para que fose adiante despreocupado pola noite e roese os seus piares coma ósos. E abaixo, nesas profundidades lordentas, o terremoto respondeulles, e non os compracería e non se movería de alí, pois quen sabía quen eran os que danzaban todo o día onde el retumbaba? E se os señores desa cidade que non tiñan medo do seu enfado eran casualmente incluso os deuses?

E os séculos pasaron lentamente, pouco a pouco por todo o mundo, e un día aqueles que danzaran, aqueles que cantaran naquela cidade, recordaron a guarida do terremoto nas profundidades baixo os seus pés, e fixeron plans uns cos outros e buscaron a forma de evitar o perigo, buscaron a calma do terremoto e a forma de evitar a súa furia.

Eles enviaron abaixo mozas cantando e sacerdotes con avea e viño, enviaron grilandas e baias propicias, abaixo, con pasos escuros ata as negras profundidades da terra, enviaron pavos recentemente asasinados, e mozos con especias ardentes, e os seus delgados e brancos gatos sagrados con colares de perlas todas recentemente recollidas do mar, enviaron diamantes xigantes en cofres de teca e unguentos e estrañas tinturas orientais, frechas e armaduras e os aneis da súa raíña.

—Ó —dixo o terremoto no frío da terra—, así que non son os deuses.

## ATA O QUE CHEGAMOS

Cando o publicista viu os chapiteis da catedral sobre os outeiros da distancia, ollou para eles e chorou.

—Só se —dixo— este fose un anuncio de Beefo, tan bo, tan nutritivo, próbao na túa sopa, ás mulleres gústalle.

## A TUMBA DE PAN

—Vendo —dixeron eles— que o Pan de antano está morto, permitídenos facer agora unha tumba para el e un monumento, para que a adoración pavorosa de hai anos sexa recordada e evitada por todos.

Así o dixo a xente das terras iluminadas. E construíron unha tumba de mármore branca e poderosa. Pouco a pouco elevouse baixo as mans dos construtores e cada vez máis durante cada noite despois da posta de sol, brillaba con raios dun sol poñente.

E moitos choraron por Pan mentres os construtores traballaban; moitos o inxuriaban. Algúns dixéronlles aos construtores que parasen e chorasen por Pan e outros dicíanlles que non deixaran ningún memorial a un deus tan infame. Mais os construtores traballaron sen pausa.

E un día estaba todo rematado e a tumba elevábase coma un acantilado mariño empinado. E Pan foi tallado alí con cabeza humilde e os pés dos anxos apoiados no seu pescozo. E cando a tumba estivo rematada o sol xa se puxera, mais o resplandor era rosado na mole enorme de Pan.

E inmediatamente veu toda a xente iluminada e viu a tumba e recordou a Pan, que estaba morto, e todos o condenaron a el e a súa era maldita. Mais uns poucos choraron aparte pola morte de Pan.

Mais no serán, mentres saía do bosque e se coaba coma unha sombra arredor dos outeiros, Pan viu a tumba e riu.